

II TITIRIBERIA. Olladas sobre os cristovos

Teo 9,10, 11 e 12 de novembro de 2017

Presentamos o programa da segunda edición de **Titiriberia. Olladas sobre os cristovos**, festival dedicado aos títeres tradicionais único da súa natureza en Galiza e no Estado, que queremos celebrar entre os días 9 e 12 de decembro en Teo.

Durante estes catro días, un máis que na primeira xeira, poderemos gozar de espectáculos de títeres, charlas, mesas redondas, proxeccións, obradoiros e exposicións en diferentes espazos do concello, dirixidos a crianzas, mozas e mozos, maiores e moi maiores que queiran gozar dos bonecos e coñecer a rica tradición do títere de cachaporra da Península. Ademais, recuperaremos a Feira Cabalar de Francos como espazo para os títeres e para a animación cultural ao xeito máis tradicional.

Para alén do público xeral, a programación está dirixida a todas aquelas persoas que de xeito directo (manipuladores, compañías, distribuidores,...) ou indirecto (programadores, actores, artistas plásticos, educadores...) topen cos monicreques no seu desenvolvemento profesional. Nesa liña, para alén das funcións previstas, o programa achega tamén espazos para a reflexión sobre este legado e a súas posibilidades nos nosos tempos.

O festival está organizado pola Asociación Cultural Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego coa colaboración da Deputación de A Coruña e do Concello do Teo.

A **Asociación Cultural Morreu o Demo** constituíuse a finais de 2012 co propósito de recuperar e dar a coñecer o patrimonio do títere tradicional galego que, ao igual que outras expresións da cultura popular, ficaba no esquecemento. Como eixe principal do seu traballo, está a desenvolver diferentes actividades para recupera a figura de Barriga Verde, principal expoñente desta tradición popular no país. Nesa liña, desenvólvense exposicións, publicacións, conferencias, actividades escolares, audiovisuais e outras iniciativas que procuran dar a coñecer e reactivar este legado.

Sobre o tema do festival...

O teatro popular de títeres estivo presente en feiras, festas e prazas das vilas e cidades ata ben entrado o século XX, e constitúe unha forma de entretemento, educación e comunicación das comunidades antes da irrupción dos medios de comunicación de masas e das transformacións que experimentou a sociedade galega nas últimas décadas. Esta expresión cultural permanece aínda na memoria colectiva das xeracións nadas antes de 1950, pero corre o risco de perderse. Forma parte dunha rica e antiga tradición inspirada na Commedia dell'Arte e que se estende por toda Europa emparentando ao Punch inglés, o Guignol francés, o Pulcinella italiano, o Kasperek checo co Don Cristóbal español, o Pericu catalán, o Dom Roberto portugués... e o Barriga Verde galego. De xeito xenérico, en boa parte do Estado se coñecen estes bonecos co nome de Cristovos, de aí o subtítulo do evento.

Barriga Verde...

A principios do século XX xunto con José Silvent chega a Galicia un novo personaxe: Barriga Verde, que incorpora as características esenciais da tradición europea de títeres de cachaporra. A súa popularidade en Galicia é enorme entre 1920 e 1960, cando percorre gran parte das feiras e vilas coa súa barraca. Os seus irmáns Santiago e Julia tamén incorporaban a Barriga Verde nos seus espectáculos, e entre os tres non quedaba feira ou festa en Galicia que non tivese acollido unha representación do famoso monicreque. As feiras da Ascensión en Santiago, a Pascua de Padrón, a de San Xoán de Carballo ou a de Santa Mínia en Brión eran paradas obrigadas da barraca dos Silvent, e nesas vilas coruñesas, alén doutras moitas, a chegada dos titiriteiros era moi agardada. Nos anos 60, coa sucesiva retirada destes titiriteiros, o espectáculo esmorece. Ao igual que noutros lugares, o teatro de títeres de luva abandona as feiras e pasa a ser considerado un entretemento infantil no que prima o compoñente didáctico. Os títeres de feira, que ían dirixidos a públicos de todas as idades, non encaixan coas tendencias que

impoñen os novos tempos e é así como Barriga Verde camiña lentamente cara o esquecemento.

A finalidade de **Titiriberia. Olladas sobre os cristovos**, é dar a coñecer a tradición titiriteira ibérica da que fai parte o personaxe de Barriga Verde, como o seu representante último e máis coñecido en Galicia, e as profundas conexións coa tradición europea. Ademais, quere servir como punto de encontro para todas as persoas, profesionais e afeccionados, que queren recuperar a memoria deste espectáculo así como o traballo de feirantes e titiriteiros que durante anos foron unha parte fundamental do ocio e que se asentaron como parte do imaxinario común do país.

Dentro dos obxectivos xerais da asociación e do proxecto está tamén esa reivindicación das feiras tradicionais como espazo cultural, e de aí a aposta que facemos este ano por integrar o festival coa Feira Cabalar de Francos. Un espazo que xa no seu día acolleu a Barriga Verde e que recibirá de novo o celeberrimo títere na versión da súa barraca que reconstruíu Viravolta Títeres. Ademais, animación de rúa, obradoiros e outras actividades incidirán no aspecto máis lúdico e artístico deste evento

Programa

Espectáculos

Funcións escolares

O galo Quirico e os seus amigos

Seisdedos Marionetas Tradicionais.



Con algúns números de marionetas tradicionais nos que os espectadores participan cantando e danzando, preséntase o conto O Galo Quirico seguindo a versión popular, que á súa vez inspira á publicada por Bernardino Graña. Unha posta en escena con marionetas e teatriño de cartón, formato de espectáculo recuperado por la Compañía para esta ocasión con música interpretada en escena polo acordeonista Carlos Quintá.

<http://viravoltatiteres.com/ver.asp?id=14>

Duración: 50 minutos / **Destinatarios:** alumnado de educación infantil e primaria dos centros do concello / **Data:** xoves 9 de novembro / **Horario:** 11.00 h e 12.30h / **Lugar:** Auditorio Constante Liste

Luca Ronga.
Le guarattelle di pulcinella



A centenaria técnica de manipulación de títeres de luva napolitanos coñecida como guarattelle chega a Titiriberia da man do mestre Luca Ronga. As aventuras xa clásicas dos personaxes collen vida nesta ocasión cuns bonecos que son auténticas esculturas talladas a man e cunha manipulación na que o ritmo e a improvisación marcan unha historia de acción, humor e tenrura.

<http://www.lucaronga.com/portfolio/guarattelle/>

Duración: 50 minutos / Destinatarios: publico familiar / Data: Xoves 10 de novembro / Horario: 13.00 h e 18:30 horas / Lugar: IES de Cacheiras e Auditorio Constante Liste

Funcións para público xeral

Eudald Ferré e Luca Ronga.

Z. Las aventuras del Zorro



Dous auténticos mestres titiriteiros como son Eudald Ferré e Luca Ronga unen as súas forzas nesta montaxe na que apostan por se amosar directamente ante o público a manexar os títeres. Na obra, recuperan un personaxe clásico da cultura popular como é El Zorro. O enfrontamento cun gobernador que abusa da súa autoridade, os soldados zoupóns, o amor por unha muller namorada do heroe anónimo ou a dupla identidade do rico facendeiro: todos os elementos da historia clásica atópanse nesta versión na que a palabra fica reducida ao mínimo e a música colle o protagonismo, sobre unha estética que bebe do cinema dos anos 30 e dos debuxos de George Grosz.

<http://www.titeresante.es/2015/05/el-zorro-de-eudald-ferre-y-luca-ronga/>

Duración: 80 minutos / Destinatarios: público familiar, a partir de 5 anos. / Data: Xoves 9 de novembro / Horario: 18.30 h / Lugar: Auditorio Constante Liste

Felipe Garduño

Improvisación sobre Polichinela

O veterano titiriteiro vasco, fundador da Compañía de Títeres Bihar, desprega o seu bo facer a improvisar arredor do personaxe de Polichinela. Unha ocasión única para se achegar a este personaxe no estado máis puro, a recuperar o carácter espontáneo dos titiriteiros ambulantes que o fixeron famoso por toda Europa a partir do século XVI.

Destinatarios: +16 / Data: Venres 10 de novembro / Horario: 18.30 h / Lugar: Bar

Maozorra

Dom Roberto



A compañía recupera o repertorio tradicional dos Robertos combinándoo con novas técnicas de manipulación que lle outorgan nova vida a estes personaxes fundamentais para comprender a tradición ibérica de títeres e as orixes de Barriga Verde.

O barbeiro

Roberto no día do seu casamento vai ao barbeiro para se afeitar. Durante o corte, provoca algunhas travesuras e despois négase a pagar. Aquí comezan todas as malandrices e enganos entre ambos, ata que se xuntan á lea un Policía un diablo e mesmo a morte. Novas situacións para os personaxes clásicos dos bonecos portugueses.

A tourada

Sen unha narrativa clara, a obra refai o número da tourada propia dos Robertos cun touro que non é fero mais doce, que se cansa e que adora as festiñas. Unha divertida historia que retrata de xeito especial esta tradición portuguesa.

O Caçador

Un novo escenario para as aventuras tradicionais dos Robertos. Desta volta Roberto vai de caza para conquistar a muller que ama. No monte, un cazador rival, un coello astuto e ata un mago complican a situación.

<http://maozorra.pt/teatro-d-roberto-robertos-b/>

O Barbeiro 35 minutos / A tourada 25 minutos / O Caçador 40 minutos

Destinatarios: + 4 anos / Data: sábado 11 e domingo 12 de novembro / Horario: Día 11: 12.30 h O barbeiro

Día 11: 16.30 horas A tourada / Día 12: 12.30 horas O caçador / Lugar: Día 11: Barraca. Feira de Francos / Día 12: Auditorio Constante Liste

Cie Pelele

La muerte de Don Cristóbal



Avaro, feo, malo e sen escrúpulos, Don Cristobal só vive para seguir a aumentar a súa considerable fortuna. Pero a súa serventa, pobre, ciumenta e aínda máis fea tentará todo tipo de estrataxemas para o asasinar e se facer cosa súa fortuna. A compañía Pelele mestura a técnica tradicional do títere mediterráneo coa estética e o ritmo Cartoon para nos achegar o personaxe clásico dos títeres españois, nunha historia universal da vontade de vivir onde o humor, a enerxía e a caricatura transcenden o medo e a violencia.

http://www.pelele.fr/espectaculos-la-muerte-de-don-cristobal_30.html

Duración: 50' / Destinatarios: todos os públicos / Data: sábado 11 de novembro / Horario: 18:00 h / Lugar: Barraca. Feira de Francos

Viravolta Títeres **Barriga Verde**



Mesturando a tradición do títere galego coa europea, recollemos cinco situacións que Barriga Verde, coa axuda da súa cachaporra, resolve dun xeito que incomoda ao Demo, que se atopa o inferno cheo de personaxes que non lle son gratos.

Espectáculo baseado na investigación que a compañía fixo sobre a figura de Barriga Verde e o títere tradicional galego. Preséntase coma unha homenaxe ao Barriga Verde que a familia Silvent representou por Galicia na primeira metade do século XX. O espectáculo ofértase no seo dunha barraca que recrea a experiencia orixinal que viviron milleiros de galegos durante décadas.

<http://viravoltatiteres.com/ver.asp?id=8>

Duración: 50 minutos / Destinatarios: todos os públicos / Data: Sábado 11 de novembro / Horario: 19.30 h / Lugar: Barraca. Feira de Francos.

Danthea Teatro

O espello de Francisquiña.

Un xogo dos principais zannis da comedia: Polichinela, Pierrot, Arlequino, Palomeque (Pantalone) e Francisquiña. A avaricia dun vello, a vaidade dunha rapariga que quere inmortalizar a súa face e dous artistas con moitas aristas amosan da man de Danthea Teatro novos xeitos de traballar cos centenarios personaxes italianos.

<http://www.redescena.net/espectaculo/25924/o-espello-de-francisquiña-as-aventuras-de-polichinela/>

Duración: 50 minutos / Destinatarios: todos os públicos / Data: domingo 12 de novembro / Horario: 18.30 horas / Lugar: Local Social da AC A Pontevelle de Reis

Títeres Alakrán e Seidedos Marionetas Tradicionais

Animación de rúa

A recrear os espectáculos de porta que a familia Silvent, como moitos outros feirantes, facían na entrada das súas barracas para chamar o público, un grupo de artistas animará a feira de Francos e chamará pola participación dos asistentes. Un zancudo, o cego coas súas coplas ou o pallaso farán do campo da feira un lugar de divertimento.

Duración: pases de 30-50 minutos antes das funcións. / Destinatarios: todos os públicos / Data: sábado 11 de novembro / Horario: desde ás 11.30 h. / Lugar: Feira de Francos

Conferencias e mesas redondas

Mesa redonda

Títeres: O patrimonio esquecido

Os títeres tradicionais son unha tradición milenaria, espallada por boa parte do mundo e que racha fronteiras. A súa influencia faise notar en diferentes formas de cultura popular e supoñen un importante elemento identitario para moitas comunidades. No entanto, continúan a se considerar de xeito habitual como un entretemento de segunda, afastados da cultura oficial ou cun recoñecemento inferior a outras formas culturais. Logo de que nos últimos anos a UNESCO recoñecese como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade as tradicións checas e eslovacas de marionetas, a Opera dei Pupi, o Bunraku xaponés ou as marionetas wayang indonesias, cómpre pór sobre a mesa a situación e as perspectivas para conseguirmos un recoñecemento efectivo das diferentes tradicións titiriteiras, en pé de igualdade con outras formas de cultura popular. Felipe Garduño, responsable de Patrimonio na delegación estatal da Unión Internacional de Marionetistas participa neste encontro canda a historiadora da arte e dinamizadora cultural Sabela Pato, a especialista en xestión do patrimonio da Universidade da Coruña Elvira Lezcano, Santiago Veloso, coordinador de Ponte... nas ondas! e un dos promotores da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués á UNESCO e mais Pablo Sanmartín López, responsable do Arquivo Municipal do Concello de Teo.

Duración: 60 minutos / Destinatarios: + 16 anos / Data: xoves 9 de novembro / Horario: 20.00 h

Lugar: Mediateca do Grilo

Obradoiros

Barriga Verde a escena

O obradoiro pretende facilitar as ferramentas técnicas e dramáticas para a montaxe dunha das escenas da tradicional obra de títeres. A seguir as liñas plásticas e dramáticas dadas polas guías, introducirase ás participantes na tradición de títeres de cachaporra, a súa construción e técnicas de manipulación.

Duración: 165 minutos

Destinatarios: grupo de máximo 25 alumnos/as de ensino secundario.

Data: venres 10 de novembro.

Horario: 10.00-12.45 h

Lugar: IES de Cacheiras

Obradoiro de monicreques de luva con material de refugallo

Neste obradoiro cada un dos participantes elaborará unha marioneta de luva con materiais que en moitos casos estaban a destinados a rematar no lixo. A dinámica do obradoiro será a dun taller aberto, é dicir, durante o tempo da actividade os/as nenos/as poderán achegarse libremente a facer a súa marioneta. Os/as monitores/as apoiarán o traballo dos nenos/as, guiándoos nos aspectos técnicos pero respectando a creatividade de cada participante.

Duración: 90 minutos / Destinatarios: + 5 anos, acompañados por un adulto / Data: domingo 12 de novembro

Horario: 11:00 / Lugar: Auditorio Constante Liste

Exposición

Panorámica do títere galego despois de Barriga Verde

A mostra, realizada a partir de fondos do Museo Galego da Marioneta, realiza un percorrido pola historia das compañías profesionais de Galicia desde o seu nacemento, poucos anos despois da desaparición de Barriga Verde das feiras. Unha selección de carteis orixinais de diferentes espectáculos ilustra a evolución do sector nos últimos 40 anos.

▯ Duración: desde o 6 de novembro / Destinatarios: + 8 anos. / Lugar: Auditorio Constante Liste

Proxección e coloquio

Dom Roberto



Dom Roberto de José Ernesto de Sousa (1962) é unha das obras fundadoras do Novo Cinema portugués. Narra, con influencias da Nouvelle Vague francesa, a historia e os amores dun fantocheiro portugués. Un filme fundamental na historia do cinema luso que aposta por retratar a importante tradición titiriteira do país.

A continuación un coloquio abordará cuestións relacionadas coa evolución do títere tradicional no país veciño, vendo como se produciu o seu devalo e recuperación e o xeito no que as políticas públicas e o apoio social puideron influír

neste proceso. Estará guiado por Comba Campoi e participará entre outros João Costa.

Duración: 102 minutos / Destinatarios: + 16 anos. / Data: venres 10 de novembro / Horario: 21.00 h / Lugar: Mediateca do Grilo

Informacións de contacto

Web do Festival

<http://barrigaverde.eu/cms/titiriberia/>

Organiza

Asociación Cultural Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego

www.barrigaverde.eu

www.facebook.com/proxectoBarrigaVerde/

info@barrigaverde.eu

Twitter: [@morreuodemo](https://twitter.com/morreuodemo)

Dirección

Comba Campoy 652 80 77 42

Anxo García 645 13 70 31

Coordinación

Rocío Fernández 637 36 60 77

actividades@barrigaverde.eu

Comunicación

Alberto Ramos

comunicacion@barrigaverde.eu

Colabora

Concello de Teo

Deputación da Coruña